

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 28 DE SETEMBRO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

### **Polo grupo municipal de UxC:**

D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES PAN LESTA  
D. DANIEL MALLO CASTRO  
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS  
D.<sup>a</sup> MARÍA CARMEN PAN MATOS  
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO  
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

### **Polo grupo municipal do PP:**

D.<sup>a</sup> DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ  
D.<sup>a</sup> PATRICIA ESTHER ESPÍNEIRA GALÁN  
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ  
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

### **Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:**

D. DIEGO ALCANTARILLA REI  
D.<sup>a</sup> MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS  
D.<sup>a</sup> PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY  
D.<sup>a</sup> ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do BNG:**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES  
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

### **Polo grupo municipal do AV:**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO  
D. MANUEL CASTRO UZAL

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria accidental, D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de setembro de 2023, que

xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202309280900050000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2023**

### **Acceso á videoacta – 00:00:24 horas**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta correspondente á sesión extraordinaria do día 21 de setembro de 2023, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 21 de setembro de 2023, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria do día 21 de setembro de 2023.

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. PROPOSTA DE ALCALDÍA RESPECTO DA CREACIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

#### **Acceso á videoacta – 00:00:37 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta de Alcaldía de data 19 de setembro de 2023 (CVD: wDROJ8A/zpTtfP1kzvN6), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior, na sesión ordinaria de data 21 de setembro de 2023, que transcrita di:

#### **«PROPOSTA**

Visto o disposto no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 66, 67 e 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 78 a 85 e 134 a 142 do Regulamento orgánico municipal.

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Crear unha (1) Comisión Informativa especial coa seguinte denominación:

- COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, que terá como obxecto o estudo, seguimento e colaboración nos traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación municipal polo equipo redactor do plan.

**Segundo.-** A duración será limitada ata que se aprobe definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

**Terceiro.-** A Comisión Informativa Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal estará composta por:

- Cinco (5) representantes do grupo político municipal de Unión por Cambre incluído o Sr. alcalde-presidente, presidente nato de todas as comisións
- Catro (4) representantes do grupo político municipal do PP
- Tres (3) representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE
- Dous (2) representantes do grupo político municipal do BNG
- Un (1) representante do grupo político municipal Alternativa dos Veciños

**Cuarto.-** A adscripción concreta dos membros da Corporación que deban formar parte desta comisión en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro ou voceira dirixido ao alcalde e presentado no Rexistro do concello, do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular. O devandito escrito presentárase no prazo de cinco días hábiles contados desde a adopción deste acordo.

**Quinto.-** A comisión informativa especial que se crea no presente acordo axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 136 a 139 do Regulamento orgánico municipal.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica a proposta.

Intervén a voceira do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de Alcaldía de data 19 de setembro de 2023, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta de Alcaldía de data 19 de setembro de 2023 (CVD: wDROJ8A/zpTfP1kzvN6), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **2.2. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDIO PARA CURSO ESCOLAR 2023/2024, ASÍ COMO A SÚA CONVOCATORIA**

### **Acceso á videoacta – 00:03:18 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 20 de setembro de 2023 (CVD: 3UiSyGz4LT6+HDZZACdt), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social, Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude, Educación e Cultura, na sesión ordinaria de data 21 de setembro de 2023, que transcrita di:

### **«PROPOSTA AO PLENO**

1.- O Concello de Cambre, en exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto no Regulamento de Servizos das Corporacións locais, dende hai 30 anos ven realizando a convocatoria de Bolsas de estudo, como acción de fomento destinadas a familias do municipio, con fillos/as en centros escolares, cursando segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos, e dende o ano 2021 Educación Especial.

O artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción anterior á Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL), establecía que os municipios poderían desenvolver actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas á educación (...).

Dito artigo foi suprimido pola LRSAL, non tendo o Concello competencias propias na materia. Sen embargo, o artigo 3.1 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública.

O artigo 3.3 b) da Lei 5/2014 establece que, en particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores. Este é o caso das Bolsas de estudo do Concello de Cambre cuxa convocatoria leva realizándose anos.

Por outra parte, e para os efectos de xustificar a inexistencia de duplicidades, se analizan as convocatorias públicas de axudas das Administracións Públicas con competencias na materia:

- As do Ministerio de Educación e Formación Profesional:

- Extracto da Resolución de 15 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se convocan becas de carácter xeral para o curso académico 2023-2024, para estudantes que cursen estudos postobligatorios (publicadas no BOE núm 65, de 17 de marzo de 2023) segundo a ORDEN ECI/1815/2005, de 6 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de becas e axudas ao estudo polo Ministerio de Educación e Ciencia.

- Extracto da Resolución de 20 de abril de 2023, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se convocan axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo para o curso académico 2023-2024). (publicadas no BOE núm. 99, de 26 de abril de 2023)

- Extracto da Resolución de 5 de maio de 2023 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto e material didáctico e informático para alumnos matriculados en centros docentes españois no exterior, nas cidades de Ceuta e Melilla e no Centro para a Innovación e Desenvolvemento da Educación a Distancia no curso académico 2023/2024. (publicadas no BOE núm. 111, de 10 de maio de 2023).

- As da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia:

- ORDE de 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 (códigos de procedemento ED330B, ED330G y ED330H) e o seu Extracto (publicadas no DOG núm. 94, do 19 de maio de 2023),

Tendo en conta o cal, conclúo que en relación tanto ao obxecto, finalidade e destinatarios non se produce ningunha duplicidade coa proposta de convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024 do Concello de Cambre. En calquera caso, xa se establece que son incompatibles con outras axudas tanto públicas como privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

Do exposto anteriormente, dérívase que non existe duplicidade na convocatoria de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024.

2.- A finalidade das bolsas de estudo viña sendo tradicionalmente, en anteriores convocatorias, a adquisición de material escolar, libros de texto e uniformidade ou roupa destinada á escolarización. Así como bolsas de estudo para a adquisición

de equipamento informático (ordenador portátil ou ordenador de mesa ou tablet, teclado, ratón, impresora e USB) para o alumnado de Educación Primaria (de 3º a 6º), de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e ao alumnado de Educación Especial. Como novidade para este curso escolar sinalar se inclúe a axuda para uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

3.- A convocatoria de subvencións de bolsas de estudo, está prevista no Plan estratéxico de subvencións do concello de Cambre 2020/2023 para a anualidade 2023.

4.- Tendo en conta o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, requirese:

- Aprobar con carácter previo ao outorgamento das bolsas, as bases da convocatoria nos termos establecidos nesta lei. (artigo 4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en diante LGS).

- Dado que a maioría da doutrina entende que as bases reguladoras das subvencións teñen carácter regulamentario, deben ser sometidas á aprobación do Pleno da Corporación, exposición ao público durante 30 días logo da publicación, aprobación definitiva e publicación do texto das bases no Boletín Oficial da Provincia (en aplicación do disposto no artigo 49 da LBRL).

- E así mesmo que se cumpran os requisitos establecidos na LGS, incluíndo os criterios obxectivos de outorgamento, neste caso de valoración automática, e a publicación do anuncio do extracto da convocatoria das Bolsas de estudo no Boletín Oficial da Provincia a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Visto o informe do coordinador da área de Cultura, Deportes e Xuventude e Educación, relativo á aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024, e xustificación de non duplicidade, do 11 de agosto de 2023 (CVD: lwpEzA88chzFfA6/dGys ).

Visto o informe da interventora, de fiscalización da proposta para a aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024. Fase – A, de data 17 de agosto de 2023 (CVD: W14WnREVVcpx0gNsR8ZP).

Visto o informe do coordinador da área de Cultura, Deportes e Xuventude e Educación, relativo á aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024, e xustificación de non duplicidade, do 08 de setembro de 2023 (CVD: mDIOppsvr1kmC8MbJP2f).

Visto o informe da interventora, no que entende por solventados os reparos suspensivos X\*.A e X\*.C emitidos no seu informe asinado o 17 de agosto de 2023, de fiscalización da proposta para a aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024. Fase – A - BIS de data 15 de setembro de 2023 (CVD: Ho1HhrlGgdMswH0uR95Z).

Vista a nota informativa de secretaría 72/2023 de data 19 de setembro de 2023 desfavorable respecto á base 4.1 b) (CVD: SbHVItJK7Y/CXNF6GZL5).

Visto o informe do coordinador da área de Cultura, Deportes e Xuventude e Educación, á nota informativa de secretaría 72/2023, do 20 de setembro de 2023 (CVD: jzc7tDjwchrh6pJaC0P6).

É polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente as Bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024, e o formulario de solicitude (anexos I, II, III, IV, V e VI das Bases) tal e como se transcribe a seguir:

## **BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO PARA O CURSO ESCOLAR 2023/2024**

### **PRIMEIRA: Obxecto:**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de axudas económicas, bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024, como acción de fomento destinada aos alumnos e

alumnas do concello que cumpran os requisitos da Base Cuarta, e que cursen 2º ciclo de Educación Infantil (4º, 5º e 6º E.I.), en Educación Primaria (1º a 6º E.P.), en Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º), en Bacharelato (1º e 2º), en Educación Especial, en Formación Profesional e en Educación Secundaria de Adultos, para financiar gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización dos nenos e nenas ou necesaria para a súa formación, e equipamento informático (ordenador portátil ou ordenador de mesa ou tablet, teclado, ratón, impresora e USB, no caso de educación especial comunicadores electrónicos especialmente diseñados para tal fin; ordenadores portátiles, tablets, etc con programas especiais para a súa adaptación) segundo o establecido na base terceira, para o curso 2023/2024.

#### **SEGUNDA: Dotación orzamentaria:**

A dotación total para o financiamento deste programa de axudas é de 24.000,00 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do orzamento de 2023:

- 18.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326 48100 “Becas de estudo e libros educación” para financiar bolsas de estudo para gasto corrente derivado da adquisición de material escolar, libros de texto e uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización dos nenos e nenas.
- 6.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326 78000 “A familias e institucións sen fin de lucro” para financiar bolsas de estudo para gasto de investimento derivado da adquisición de equipamento informático.

#### **TERCEIRA: Gastos subvencionables:**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza do gasto subvencionado e se axusten aos conceptos relacionados na solicitude.

1.- Serán subvencionables na liña de gastos correntes, os derivados da adquisición de libros de texto, material escolar, e uniformes escolares, para os alumnos/as matriculados/as nas seguintes etapas académicas:

- Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil: libros de texto, material escolar e uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización.
- Alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria: uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización.
- Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos: libros de texto e material escolar.

2.- Serán subvencionables na liña de gastos de investimento, os derivados da adquisición de equipamento informático (ordenador portátil, ordenador de mesa ou tablet, teclado, ratón, impresora e USB, no caso de educación especial comunicadores electrónicos especialmente diseñados para tal fin; ordenadores portátiles, tablets, etc con programas especiais para a súa adaptación.) para os alumnos/as matriculados/as nas seguintes etapas académicas:

- Alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria.
- Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Alumnado de Educación Especial (de 3º de Educación Primaria a 4º da Educación Secundaria Obrigatoria).

A adquisición individualizada de USB e/ou ratón non será considerada un gasto de investimento senón que será imputable ao concepto material escolar.

#### **CUARTA: Beneficiarios/as:**

1.- Poderán ser beneficiarios/as destas axudas aqueles/as que reúnan os seguintes requisitos:



- a) Estar empadroad/a no Concello de Cambre con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda (polo menos o/a alumno/a cun dos proxenitores).
- b) Estar matriculado/a nun centro escolar público no curso escolar obxecto da convocatoria, para o curso para o que solicita a bolsa e no caso do alumnado matriculado nun centro de Educación Especial ademais nun centro escolar privado concertado.
- c) Convivir co/coa solicitante da bolsa.
- d) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 15.000,00 euros.
- e) Presentar a solicitude da axuda no prazo establecido en modelo normalizado ao efecto, e achegar toda a documentación requirida.
- f) Non estar incurso en causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de axudas segundo o disposto no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións.

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

2.- As axudas poderán ser solicitadas polo representante legal, pai, nai ou titor do alumno ou alumna (quen é o beneficiario/a da axuda), cando é menor de idade.

**QUINTA: Renda per cápita anual familiar:**

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran. Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obtense por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2022, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros da base imponible xeral e da base imponible do aforro da citada declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2022, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a unidade familiar:

- Os cónxuxes, parellas de feito, ou os/as titores legais.
- Menores de idade que convivan no mesmo domicilio.
- Solteiros/as menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados/as xudicialmente, suxeitos/as á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles/elas. Esta situación deberá acreditarse documentalmentemente mediante o correspondente xustificante de empadramento.

No caso de falecemento dalgún dos/das proxenitores/as do/da alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción ou libro de familia onde conste tal feito.

No caso de separación legal, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos/as fillos e fillas que convivan con un ou outro/a e, se é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos/das proxenitores que teña as fillas e fillos a cargo; non se considerará membro computable aquel deles/as que non conviva co/coa beneficiario/a da bolsa.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor e onde conste o importe da pensión recibida polo que corresponda en relación a gastos de manutención e/ou outros. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de nulidade, separación ou divorcio, o perceptor da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do/da menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

Enténdese por familia monoparental, segundo o artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viuvo e os fillos e fillas.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2022, deberá documentarse o exercicio 2023 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- No caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2023 que aparezan na vida laboral, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

- No caso de desemprego: Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara. Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano 2023 ata a data de presentación da solicitude.

- No caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2023 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

- Noutros casos non recollidos neste apartado, a documentación necesaria que o acredite segundo sexa o caso e que permita ao Concello poder comprobar o seu nivel de renda.

#### **SEXTA: Convocatoria:**

Unha vez aprobadas as Bases con carácter definitivo, o Alcalde, ou en caso de delegación, o concelleiro delegado da área, acordará a convocatoria de bolsas de estudo do Concello de Cambre para o curso 2023/2024.



De dita convocatoria se dará traslado a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

#### **SÉTIMA: Solicitudes e prazo de presentación de solicitudes:**

As solicitudes, formuladas no modelo normalizado, dirixiranse ao Alcalde e poderán presentarse de calquera das formas seguintes:

Preferiblemente, a través da sede electrónica da páxina web do Concello de Cambre. Se non en calquera dos rexistros municipais ou por calquera das formas sinaladas no artigo 16,4 da Lei 39/2015, 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da Provincia a través da BDNS, do cal se dará publicidade na páxina web municipal.

#### **OITAVA: Documentación:**

As solicitudes de subvención deberán presentarse no formulario de solicitude que figura como anexos nas presentes bases, que se pode descargar na páxina web municipal ([www.cambre.org](http://www.cambre.org)):

- anexo I: Solicitude. (formulada polo/a pai ou nai ou titor/a legal do/a alumno/a beneficiario/a da axuda menor de idade.
- anexo II: Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á Axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF), así como autorización do alumno maior de idade de comprobación de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias.
- anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social do beneficiario, alumno/a maior de idade.
- anexo IV: Declaración do/da solicitante de que a unidade familiar non solicitou nin percibiu outra axuda para a mesma finalidade.
- anexo V: Autorización para solicitar datos á Administración educativa sobre a matrícula realizada no centro escolar no curso 2023/2024.
- anexo VI: Conta xustificativa.

O formulario de solicitude deberá ir acompañado dos seguintes documentos que conforman a documentación propia do solicitante e/ou beneficiario/a da bolsa de estudo:

- DNI/NIE ou pasaporte do/a solicitante e dos/as alumnos/as beneficiarios/as (cando por idade teñan obriga de telo).
- Libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Certificado ou documento que acredite o número IBAN de conta bancario a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.
- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2023/2024, no caso de non autorizar expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración Educativa.
- Factura/s xustificativa/s dos gastos realizados (en función da axuda que se solicite) en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto, uniformes escolares e/ou vestiario emitida/as entre o 22 de xuño de 2023 e o último día de presentación de solicitudes, material informático (ordenador portátil, ordenador de mesa ou tablet, teclado, ratón, impresora e USB, no caso de educación especial comunicadores electrónicos especialmente diseñados para tal fin; ordenadores

portátiles, tablets, etc con programas especiais para a súa adaptación) emitida/as entre o 22 de xuño de 2023 e o último día de presentación de solicitudes

Deberán estar emitidas a nome do beneficiario, ou solicitante (ou cónxuxe) da bolsa de estudo e presentaranse factura/s ou factura/s simplificada/s, na/s que deberán figurar, en todo caso, os seguintes datos:

- CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Datos do titular do establecemento.
- Data de expedición e número de factura.
- Data de realización da operación, se non é a mesma que a de expedición.
- Datos persoais do/a beneficiario/a ou solicitante da bolsa de estudo (ou cónxuxe)
- Concepto do adquirido detallado.
- Prezo unitario de cada concepto e número de unidades adquiridas.
- Tipo impositivo, ou expresión "IVE incluído".
- Importe total.
- Deberase acreditar o pago da factura con xustificante de pago da mesma ou ben constar na mesma o modo en que se realizou o pago ou a expresión "PAGADO".
- A factura deberá estar individualizada por beneficiario/a (alumno/a) ou deberá indicarse nela a quen lle corresponde o gasto de cada un dos conceptos que figuren nela. As facturas de pedidos "on line" deberán conter tamén os datos descritos anteriormente.

Os tiquets non terán validez como xustificantes válidos de gasto.

- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2022 segundo o disposto na base quinta da convocatoria.

- Se é o caso:

- Título de familia numerosa en vigor.

- Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez onde conste o importe das pensión por gastos de manutención do menor ou outros.

- Certificado de minusvalía en vigor ou documento que o acredite.

- Pensionistas: xustificante da pensión mensual e número de meses que a percibe.

- Perceptores do RISGA e RAI: Xustificante da contía mensual actual e fotocopia do documento de notificación da concesión.

- Situación ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese periodo e resto de ingresos percibidos fóra dese periodo no ano 2023 ata a data de presentación da solicitude.

- Outras circunstancias: a documentación xustificativa necesaria que o acredite segundo sexa o caso.

Se algunha documentación que se solicita nesta convocatoria xa foi presentada no Concello de Cambre na convocatoria de Bolsas de Estudio 2019/2020, 2020/2021, 2021/2022 ou 2022/2023 e está en vigor no momento de presentar a solicitude, non ten obriga de volver a presentala. Neste caso terá que indicalo na solicitude.

Poderase requirir polo Concello de Cambre calquera outra documentación complementaria á indicada que se considere necesaria para maior clarificación da situación acreditada ou compulsada da presentada se a copia simple presentada xera dúbidas de autenticidade.

**NOVENA: Revisión de solicitudes e subsanacións:**

Rematado o prazo de solicitude, procederáse á comprobación do cumprimento de requisitos e revisión da documentación. Notificarase ao interesado a documentación a subsanar, se é o caso, e prazo para as subsanacións coa indicación de que, si esta non se producira, terase por desistido da súa solicitude previa resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **DÉCIMA: Valoración das solicitudes:**

O procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, será o de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para os efectos destas axudas, a concorrencia competitiva implica que o procedemento de concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases, e adxudicar a axuda a aquelas que obtiveran unha maior valoración co límite orzamentario fixado para cada tipo de axuda polo concello.

A valoración das solicitudes realizarase por categorías de bolsas de estudo a conceder por aplicación orzamentaria, ordenando por orde de maior a menor puntuación as solicitudes de cada grupo.

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar.

A valoración realizarase, segundo criterios de apreciación automática, aplicando o seguinte baremo:

- a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, 25 puntos.
- b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, 15 puntos.
- c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 10.000,00 euros, ambos incluídos, 10 puntos.
- d) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 10.000,01 euros e 15.000,00, ambos incluídos, 5 puntos.
- e) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, 3 puntos, por cada un deles.
- f) Por ter o título de familia numerosa, 2 puntos.
- g) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, 1 punto.

#### **UNDECIMA: Número de bolsas e contía económica:**

1.- Bolsas de estudo para gasto corrente por importe total de 18.000,00 euros.

Concederanse para gastos de adquisición de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización dos nenos e nenas ou necesaria para a súa formación (en función da etapa á que pertenza):

- 85 bolsas de estudo de 120,00 euros cada unha, destinadas ao alumnado de 2º ciclo de educación infantil.
- 44 bolsas de 75,00 euros cada unha destinadas ao alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria.
- 30 bolsas de 150,00 euros cada unha destinadas ao alumnado de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos.

2.- Bolsas de estudo para investimento informático, por importe total de 6.000,00 euros. Concederanse para gastos de investimento para a adquisición de equipamento informático:

- 20 bolsas de estudo de 125,00 euros cada unha, destinadas ao alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria.
- 20 bolsas de estudo de 125,00 euros cada unha, destinadas ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- 8 bolsas de estudo de 125,00 euros cada unha, destinada ao alumnado de Educación Especial de 3º Educación Primaria a 4º da ESO.

Unha vez valoradas as solicitudes de bolsa presentadas segundo o baremo establecido na Base décima, ordenaranse por tipo de bolsa que corresponda á solicitude por puntuación de maior a menor.

Se houberse empate na puntuación de solicitudes, terase en conta primeiramente a de renda per capita inferior sobre a de renda superior.

Concederanse as bolsas segundo a orde de prelación establecida no parágrafo anterior por tipo de bolsa ata o esgotamento do crédito, tendo en conta que se se xustifica polo beneficiario importe de gasto inferior a contía da bolsa a conceder, esta concederáselle polo importe de gasto realizado acreditado polo beneficiario.

Se houberse bolsas sobrantes dunha das categorías, pasarían á categoría que máis solicitudes queden sen outorgar por falta de crédito automaticamente, dentro da mesma aplicación orzamentaria.

Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constitúan obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto e uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización e equipamento informático (ordenador portátil, ordenador de mesa ou tablet, teclado, ratón, impresora e USB no caso de educación especial comunicadores electrónicos especialmente diseñados para tal fin; ordenadores portátiles, tablets, etc con programas especiais para a súa adaptación).

#### **DUODECIMA: RESOLUCION DAS SOLICITUDES:**

Correspóndelle o outorgamento das bolsas de estudo ao concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación, previo informe de valoración das solicitudes do coordinador da Área, trala comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polos beneficiarios dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención municipal. Correspóndelle ao Alcalde o recoñecemento de obrigas correspondentes ás bolsas de estudo concedidas, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria.

O aboamento levarase a cabo nun único pago por beneficiario, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei xeral de subvencións, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da persoa beneficiaria ou o seu representante legal, para o caso de menores de idade.

#### **DECIMOTERCEIRA: Obrigas dos/das beneficiarios/as:**

Os/as beneficiarios/as estarán obrigados/as a:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello de Cambre e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
- b) Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.
- c) Comunicar ao concello de Cambre a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- d) Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.

e) Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento. Para o suposto de alumnos ou alumnas menores de idade, responderán das obrigas derivadas da convocatoria os solicitantes da bolsa de estudo, en canto ostentan a patria potestade ou tutoría do menor.

**DECIMOCUARTA: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida:**

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

**DECIMOQUINTA:**

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2023, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

**ANEXO I**

**SOLICITUDE BOLSAS DE ESTUDO CURSO ESCOLAR 2023/ 2024**

**SOLICITANTE (alumno/a maior de idade ou pai, nai, titor/a legal):**

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_, DNI: \_\_\_\_\_,

Domicilio: \_\_\_\_\_,

Municipio \_\_\_\_\_, Provincia \_\_\_\_\_ Cód.Postal. \_\_\_\_\_,

Teléf.: \_\_\_\_\_; Teléfono móbil: \_\_\_\_\_; correo electrónico: \_\_\_\_\_,

**Nai/pai, ou representante legal** segundo proceda, que non sexa o solicitante (**no caso de non estar separado/a ou viúvo/a**):

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_, D.N.I.: \_\_\_\_\_

**SOLICITA a Bolsa de Estudo para o curso escolar 2023/2024 do Concello de Cambre para o /a alumno /a:**

1. Nome e apelidos: \_\_\_\_\_ Centro escolar: \_\_\_\_\_

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Curso: \_\_\_\_\_

Libros de texto  / Material escolar  / Vestiario

- **Alumnado de Educación Primaria:** Curso: \_\_\_\_\_

Vestuario  Material Informático (de 3º a 6º)

- **Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria:** Curso: \_\_\_\_\_

Vestuario  Material Informático

- **Alumnado de Educación Especial (de 3º de Educación Primaria a 4º da ESO):** Curso: \_\_\_\_\_

Material Informático  Outro

- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Curso: \_\_\_\_\_

Libros de texto  / Material escolar

2. Nome e apelidos: \_\_\_\_\_ Centro escolar: \_\_\_\_\_

Poñer o curso escolar e sinalar cun "X" o tipo de gasto para o que solicita a bolsa:

- **Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil:** Curso: \_\_\_\_\_

Libros de texto  / Material escolar  / Vestuario

- **Alumnado de Educación Primaria:** Curso: \_\_\_\_\_

Vestuario  Material Informático (de 3º a 6º)

- **Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria:** Curso: \_\_\_\_\_

Vestuario  Material Informático

- **Alumnado de Educación Especial (de 3º de Educación Primaria a 4º da ESO):** Curso: \_\_\_\_\_

Material Informático  Outro

- **Alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos:** Curso: \_\_\_\_\_

Libros de texto  / Material escolar

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- Anexo II: Autorización de comprobación de datos tributarios.
- Anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Anexo IV: Declaración de non percibir a unidade familiar axuda ningunha para a mesma finalidade.
- Anexo V: Autorización para solicitar datos sobre a matrícula do curso escolar 2023/2024.
- Anexo VI: Conta xustificativa.



- Certificado ou documento que acredite o número IBAN de conta bancario a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.
- Volante de empadramento colectivo da unidade familiar no Concello de Cambre.

**Fotocopia dos seguintes documentos :**

- DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos/as alumnos/as beneficiarios/as en vigor.
- Libro de familia completo ou documentación que o substitúa.
- Facturas xustificativas dos gastos realizados individualizada por beneficiario/a.
- Título de familia numerosa en vigor.
- Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez.
- Certificado de minusvalía en vigor ou documento que o acredite.
- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios curso escolar 2023/2024 (**só os que non autoricen expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa**).
- Documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano 2023 ata a data de presentación da solicitude.
- Na convocatoria de Bolsas de Estudo 2019/2020, 2020/2021, 2021/2022 ou 2022/2023 xa presenteí a seguinte documentación(indicar cal) \_\_\_\_\_
- Outros documentos: \_\_\_\_\_

Cambre, de \_\_\_\_\_ de 2023  
Asinado: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)**

**ANEXO II**

**AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) DO ANO 2022**

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión de Bolsas de Estudo Concello de Cambre curso 2023/2024, sendo beneficiario/a ou posible beneficiario/a a persoa que figura no apartado A da presente autorización.

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención mencionado anteriormente, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto legislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

**INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA:** Datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio establecido na convocatoria de Bolsas.

**A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:**

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

**B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos):**

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, de                      de 2023

**NOTA:** A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

Esta Declaración deberá asinarse unicamente polo/a alumno/a maior de idade

**AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS**

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso escolar 2023/2024.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

**INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA:** Datos que posúa a Axencia Tributaria do cumprimento das súas obrigas tributarias.



## A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS:

NIF:

Cambre, de de 2023

Asinado:

**NOTA:** A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

Esta Declaración deberá asinarse unicamente polo/a alumno/a maior de idade

## ANEXO III

### DECLARACIÓN XURADA

Don/ Dona,

con DNI , de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2023/2024 do Concello de Cambre,

### DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Cambre, de de 2023

Asinado.:



## ANEXO IV

### DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE

Don/ dona \_\_\_\_\_,

con DNI , de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria Pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2023/2024 do Concello de Cambre,

### DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que por parte de ningún dos membros da unidade familiar foi solicitada nin se percibiu axuda ningunha para a mesma finalidade e mesmo concepto.

Cambre, de \_\_\_\_\_ de 2023

Asinado.:

**NOTA:** Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

## ANEXO V

**AUTORIZACION PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA SOBRE A MATRÍCULA DO CURSO ESCOLAR 2023/2024**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Don/ dona \_\_\_\_\_,

con DNI , de conformidade co establecido nas Bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2023/2024 do Concello de Cambre,

AUTORIZO ao Concello de Cambre a solicitar á Administración Educativa da Xunta de Galicia información relativa ao centro escolar e curso no que está matriculado o/s alumno/s ou a/s alumna/s para os que se solicito a Bolsa de estudio correspondente ao curso escolar 2023/2024.

Cambre, de de 2023

Asinado.:

#### ANEXO VI

#### CONTA XUSTIFICATIVA ALUMNO/A : (O anexo se ha de presentar individualizadamente por alumno/a)

Para os efectos de acreditar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na convocatoria de bolsas de estudo curso 2023/2024, presento as facturas que se relaciona a seguir como xustificantes de gasto:

#### GASTO CORRENTE:

NÚM FACTURA	EMISOR	DATA DE EMISIÓN	DATA DE PAGAMENTO	MEDIO DE PAGAMENTO	CONCEPTO A ESPECIFICAR: material escolar, libros de texto ou uniformidade ou vestuario escolar	IMPORTE TOTAL	IMPORTE IMPUTADO
					TOTAL GASTOS		

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 06/10/2023 09:23:00) , Juan González Leiros (FECHA: 06/10/2023 09:59:00) , Oscar Alfonso García Patiño (FECHA: 06/10/2023 10:07:00)  
Versión imprimible

CVD: v8MF1Eu2bouVjSIS/mjF  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**GASTO DE INVESTIMENTO:**

NÚM FACTURA	EMISOR	DATA DE EMISIÓN	DATA DE PAGAMENTO	MEDIO DE PAGAMENTO	CONCEPTO	IMPORTE TOTAL	IMPORTE IMPUTADO
					TOTAL GASTOS		

(As facturas relacionadas anteriormente e que se presentan como xustificante de gasto son os orixinais dos que dispoño)

**Segundo:** Aprobar un gasto de vinte e catro mil euros (24.000,00 euros), imputables 18.000.00 euros á aplicación orzamentaria 2023 326 48100 “Becas de estudio e libros educación”, e 6,000,00 euros á aplicación orzamentaria 2023 326 7800 “A familias e institucións sen fin de lucro”.

**Terceiro:** Publicar os presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello, e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Cuarto:** No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases das bolsas de estudo para o curso escolar 2023/2024, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Quinto:** Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación definitiva das bases.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López, quen explica a proposta.

Interveñen os/a voceiros/a do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández; do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez; do grupo municipal de AV, Sr. Varela Fraguío; a concelleira Sra. Rodríguez López; e o señor alcalde.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 20 de setembro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 20 de setembro de 2023 (CVD:



3UiSyGz4LT6+HDZZACdt), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

### **2.3. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS PARA O ANO 2023, ASÍ COMO A SÚA CONVOCATORIA**

#### **Acceso á videoacta – 00:11:50 horas**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 18 de setembro de 2023 (CVD: sldBV35Nrls7qZPDx6pr), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar Social, Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude, Educación e Cultura, na sesión ordinaria de data 21 de setembro de 2023, que transcrita di:

#### **«PROPOSTA AO PLENO**

O concello é a administración máis próxima ao cidadán e afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización do deporte orientando a súa estratexia hacia a consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade no recursos técnicos – humanos e coherencia nas programacións.

Dende hai anos asínase polo concello de Cambre diferentes convenios de colaboración con distintas entidades de ámbito deportivo para o fomento e desenvolvemento no municipio do deporte de base.

O Departamento de Deportes ademais ven colaborando na promoción de deportistas de nivel de Cambre a través da concesión de bolsas para estes deportistas nos últimos anos.

Este ano, novamente, é intención desta concellería continuar con esta liña de actuación como principal medida de fomento ao deporte de nivel en Cambre, para o cal se pretende a aprobación dunha nova convocatoria onde se establezan os criterios e procedementos para conceder bolsas para deportistas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Visto o informe do coordinador da área de Cultura, Deportes e Xuventude do 11 de agosto de 2023 (CVD: amJFv+oi78zsHV9EG4Oz ), é polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2023, que se relacionan a continuación, así como a súa convocatoria:

#### **“BASES CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2023**

##### **A- Obxecto:**

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Cambre, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños do municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 16.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2023/341/48910, cun límite máximo por bolseiro de 1.500,00 euros.

## **B- Destinatarios:**

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do Concello de Cambre que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Ter a idade mínima de trece anos cumpridos no ano da solicitude con carácter xeral e en ximnasia rítmica, natación, salvamento e patinaxe artística, 10 anos cumpridos no ano da solicitude.
- 2.- Estar empadroado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos, no ano da solicitude.
- 3.- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
- 4.- Acreditar nivel deportivo na especialidade no ano para o que se solicita a bolsa.
- 5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

## **C- Documentación:**

As solicitudes presentaranse preferentemente de xeito telemático a través da Sede Electrónica do Concello de Cambre (sede.cambre.es), no modelo normalizado que se atopará na propia sede. No caso de que non sexa posible a presentación telemática, poderá realizarse presencialmente nos rexistros municipais.

A solicitude de subvención constará de:

1. Solicitude da subvención segundo modelo normalizado. (Anexo I)
2. Resumo do historial deportivo, obtido durante o ano 2022, no que haberá de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal. (Anexo II)
3. Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano 2023 (Anexo III), no que se incluírá necesariamente:
  - 3.1.- Detalle das competicións ás que se asistiu e se pretende asistir no 2023, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións.
  - 3.2.- Nivel da competición (nacional, internacional).
  - 3.3.- Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
  - 3.4.- Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
4. Copia da licenza federativa ou do certificado federativo para a tempada 2023.
5. Declaración xurada de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Anexo IV)
6. Certificado de núm. IBAN da conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A presentación da solicitude de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, no seu caso, tal e como establece o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadramento no que conste a data de alta.

A sección de deportes revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que

habará de ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **D- Prazo de solicitude:**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín oficial da Provincia* a través da BDNS, do cal se dará publicidade na páxina web municipal.

#### **E- Comisión de avaliación:**

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

Presidente:	Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaria:	Coordinadora de Deportes do Concello ou funcionario en quen delegue
Vogais:	Concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación Coordinador de Cultura e Educación ou funcionario en quen delegue

#### **F- Concesión das bolsas:**

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas o alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

1.- Proxecto deportivo para a presente tempada (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos divididos en tres subcriterios:

- Nivel máximo de competición:  
11,68 puntos campionato do Mundo/Olímpico  
7,77 puntos campionato de Europa  
3,88 puntos campionato internacional
- Categoría:  
11,66 puntos sénior  
7,77 puntos xuvenil/junior (previo a sénior) /veterano  
3,88 puntos resto de categorías
- Número de probas:  
11,66 puntos de asistencia a 10 ou máis probas federadas  
7,77 puntos asistencia entre 5 e 9 probas federadas  
3,88 puntos asistencia a menos de 5 probas federadas

2.- Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional: ata 20 puntos.

Tomarase como referencia o número de licenzas federadas, de cada deporte, do ano 2022 segundo a publicación do Consello Superior de Deportes. Ao deporte de maior implantación se lle outorgaran 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

3.- Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude: ata 20 puntos.

- 20 puntos por clasificacións entre os tres primeiros do campionato do Mundo/Olimpíada /Europeo.
- 15 puntos por clasificacións entre o 4º e 10º de campionatos do Mundo/Olimpíada/ Europeo.
- 12 puntos por clasificacións (finais) entre os tres primeiros en campionato /copa de España.
- 10 puntos por clasificacións entre os tres primeiros en probas de rango internacional.
- 5 puntos por clasificacións entre o 4º e o 10º en campionatos de España.

4.- Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto/ competición: ata 20 puntos. Tomarase como referencia a aportación económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto 2023. Ao deportista con maior aportación económica se lle outorgarán 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

5.- Outros méritos que valorará a comisión: ata 5 puntos. Valoráranse outros méritos non contemplados nos criterios anteriores como concesión de becas deportivas de outras administracións, convocatorias seleccións, estar becado en centros de alto rendemento.....

#### **G- Obrigas do beneficiario:**

1.- Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.

2.- Sinalar a súa condición de bolseiro deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda "Concello de Cambre".

3.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria descritiva da tempada realizada e dos resultados obtidos. (Anexo VI)
- Certificación orixinal da Federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización. (Anexo VII)
- Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).
- Relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento. (Anexo VIII)
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. (Anexo IX)

En particular terase en conta as seguintes regras:

- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
- Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
- Cando o gasto xustificativo que se presente polo bolseiro/a por desprazamento, o sexa a través de liquidacións por indemnizacións en concepto de desprazamentos efectuados polo mesmo, deberá aportarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións. En todo caso as liquidacións haberán de contar cunha descrición desagregada dos desprazamentos realizados, motivo de cada un dos desprazamentos, quilómetros percorridos, traxecto realizado, etc., e tratarse de gastos propios do bolseiro/a, para que sirvan de xustificante válido de gasto realizado.

En todo caso, o aboamento dos gastos deberá realizarse polo beneficiario a través de entidade financeira.

- Copia das facturas orixinais referidas a gastos efectuados no exercicio 2023. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número, concepto e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos. É dicir, non se terán en consideración como gastos validamente xustificadas os importe das facturas nas que non conste desglose adecuado

dos produtos adquiridos e o prezo unitario de cada un deles, e nos que non sexa identificable a súa natureza e vinculación ao proxecto deportivo.

Deberá estenderse no orixinal da factura, antes do seu escaneado, unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do Concello de Cambre.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5.- Comunicarlle ao Concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

6.- Participar en actividades ou campañas de difusión ou promoción do deporte que poida realizar a Concellaría de Deportes.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

#### **H- Notificación e publicidade da resolución:**

A resolución da concesión das bolsas dictarase polo alcalde, ou en caso de delegación, concelleiro delegado da área, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello ([www.cambre.org](http://www.cambre.org)), así como á notificación individual aos beneficiarios, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

#### **I- Xustificación e pagamento:**

Os bolseiros deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, preferiblemente de xeito telemático, do formulario de xustificación acompañado da documentación establecida no apartado G.3. das presentes bases.

O prazo de presentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da comunicación da concesión da bolsa, e rematará o 31 de xaneiro de 2024. Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días máis a proposta razoada da unidade xestora.

Finalizado o prazo sen que o bolseiro/a presentase a documentación xustificativa, o departamento de Deportes requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente, en virtude do disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A sección de deportes revisará a xustificación presentada e verificará que conteña a documentación esixida conforme ao formulario aprobado. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que haberá de ser dictada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Entenderase que o desistimento conleva a perda do dereito á percepción da bolsa concedida

Vista a documentación xustificativa presentada, a Concellaría de Deportes valorará se se cumpriu a finalidade da subvención e propondrá a aprobación da xustificación presentada, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria, ao Alcalde, que ditará resolución ao respecto.

Para aqueles deportistas que non cumpran na súa totalidade, o proxecto deportivo por mor de lesión derivada da práctica deportiva, entenderase cumprida a finalidade básica da subvención, aboándose un máximo do 40% da subvención concedida, previa valoración da concellería de Deportes. Esta circunstancia deberá acreditarse cun informe da federación correspondente e cun certificado médico que indique o período de inactividade e a orixe e tipo de lesión deportiva.

A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza.

O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a aportación municipal de forma proporcional.

#### **M - Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, así como o importe da subvención efectivamente percibida, resolucións de reintegros e sancións impostas, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

#### **Disposición adicional primeira**

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.



## ANEXO I - FORMULARIO DE SOLICITUDE PARA BOLSAS DE DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2023

### DATOS INTERESADO

Nome: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_  
Idade: \_\_\_\_\_ Enderezo: \_\_\_\_\_ CP: \_\_\_\_\_  
Tlf.: \_\_\_\_\_ Correo- electrónico: \_\_\_\_\_

### DATOS REPRESENTATE

Nome: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_  
Enderezo: \_\_\_\_\_ Codigo postal: \_\_\_\_\_ Municipio: \_\_\_\_\_  
Tlf.: \_\_\_\_\_ Correo- electrónico: \_\_\_\_\_

### DATOS DEPORTIVOS

Especialidade deportiva:  
Licencia Federativa nº:  
Categoría:  
Clube ó que pertence:  
Enderezo do clube:

Cambre, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asinado:

**Achegarse xunto a este formulario:**

- a. **Anexo II – Historial deportivo 2022**
- b. **Anexo III – Proxecto deportivo 2023**
- c. **Anexo IV – Declaración xurada cumprimento obrigas**
- d. **Copia da licenza federativa para a tempada 2023**
- e. **Certificación do número de IBAN dunha conta corrente titular do solicitante**

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante esté ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, na tramitación do expediente.

- f. Non autorizo (neste caso achegarse a documentación correspondente).

SR. ALCALDE –PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE



## ANEXO II - HISTORIAL DEPORTIVO 2022

Competición	Categoría/nivel	Datas/lugar	Posto
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			

CVD: v8MF1Eu2bouJVjSIS/mjfr  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Selo e Vº e Prace da Federación deportiva



### ANEXO III - PROXECTO DEPORTIVO 2023

Competición	Data e Lugar	Categoría	Nivel
*			
*			
*			
*			
*			
*			

### ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA

#### GASTOS

Licenzas :

Materias :

Desprazamentos :

Outros :

**TOTAL:**

#### INGRESOS

Achega propia :

Achega Club :

Achega Federación :

Bolsa Concello :

Outras bolsas :

Patrocinadores :

**TOTAL:**

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo.:



## ANEXO IV – DECLARACIÓN XURADA

Don/ dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2023, do Concello de Cambre,

### DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- 1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

Asdo.:



## **ANEXO V - FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN**

### **PARA BOLSAS DE DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2023**

#### **DATOS PERSOAIS**

**Nome:**

**NIF:**

**Enderezo: CP:**

**Tlf. móbil: Tlf. fixo:**

**Correo- electrónico:**

Achégolle a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para que se me concede a axuda, segundo o establecido no apartado H.- das bases da presente convocatoria (BOP núm. , do de de 2023, e para o abonamento da bolsa concedida.

**Cambre, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023**

**Asinado:**

Achegarase xunto a este formulario:

- a. Anexo VI - Memoria
- b. Anexo VII – Certificación acreditativa da participación nas probas
- c. Anexo VIII - Resumo de gastos e xustificación dos mesmos
- d. Anexo IX – Declaración doutras axudas e cumprimento da finalidade da subvención
- e. Acreditación da publicidade realizada do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeos..)

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE**



## ANEXO VI - MEMORIA DA TEMPADA

*(Descrición de non máis de dous folios das actividades deportivas desenvolvidas polo bolseiro durante o ano 2023, que sexan de interese á hora de comprobar a efectiva realización do obxecto a subvencionar, tales como entrenamentos, competicións, cursos aos que asisten, concentracións, etc. O obxectivo da Memoria e xustificar o cumprimento do proxecto deportivo para o cal se concedeu a bolsa)*





## ANEXO VII - CERTIFICACIÓN

Don/a \_\_\_\_\_ como secretario/a da Federación Deportiva de \_\_\_\_\_, co NIF \_\_\_\_\_

### CERTIFICO:

Que durante o ano 2023 o/a deportista \_\_\_\_\_ participou e obtivo os resultados que se relacionan:

Data/ Lugar	Actividade /Competición	Categoría	Posto

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asinado:  
(selo da federación)

ANEXO VIII - RESUMO DE GASTOS

NUM FACTURA	EMISOR	DATA DE EMISIÓN	DATA DE PAGAMENTO	MEDIO DE PAGAMENTO	CONCEPTO	IMPORTE
					<b>TOTAL GASTOS</b>	

(As facturas relacionadas anteriormente e que se presentan como xustificante de gasto son os orixinais dos que dispoño)



## ANEXO IX DECLARACIÓN

D./ Dna. \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_

como bolseiro/a deportista do Concello de Cambre 2023,

### DECLARO:

1.- Que para o 2023 obtiven unha bolsa (subvención) do concello de Cambre, por importe de \_\_\_\_\_ euros

2.- Que para o mesmo obxecto, obtiven, ademais as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONS RECIBIDAS	

NON RECIBÍN NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

3.- Que se cumpriu a finalidade da bolsa mediante a realización das actividades ou competicións para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria que se achega.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cumprimento da finalidade, expídese a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2023.

Asinado: \_\_\_\_\_.

**Segundo:** Aprobar un gasto por importe de dezaseis mil euros (16.000,00 euros), imputables á aplicación orzamentaria 2023 341 48910.

**Terceiro:** Publicar os presentes acordos no Boletín oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Cuarto:** No caso de que non se presenten alegacións, entenderase definitivamente aprobadas as Bases da convocatoria de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre para o ano 2023, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Quinto:** Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) logo da aprobación definitiva das Bases.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López, quen explica a proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 18 de setembro de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 18 de setembro de 2023 (CVD: sldBV35Nrls7qZPDx6pr), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **2.4. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA**

### **Acceso á videoacta – 00:14:11 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

#### **Acceso á videoacta – 00:14:15 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

### 3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

#### Acceso á videoacta – 00:14:17 horas

*(Cando son as once horas e catorce minutos intervén o Sr. alcalde que manifesta que se vai ausentar do Pleno por ter unha cita médica e ao non atoparse nada ben, asumindo dende ese momento a presidencia o primeiro tenente de alcalde, Sr. González Leirós).*

#### - Moción do PP pola igualdade de todos os españois

#### Acceso á videoacta – 00:14:53 horas

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Piñeiro Fernández, quen argumenta o seu criterio xustificativo da urxencia da moción.

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día, por razóns de urxencia, da moción do PP, rexistrada de entrada ao núm. 202399900006528 o día 22 de setembro de 2023, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes.

A moción transcrita di:

#### «EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai 45 anos os españois acordamos unha Constitución pola que nos convertemos en unha nación de cidadáns libres e iguais. Foi un acordo histórico, refrendado pola inmensa maioría da sociedade que buscaba poñer fin a tres séculos de división e enfrontamento.

Un acordo froito do entendemento entre as dúas forzas políticas maioritarias e que tamén se abriu ao conxunto de partidos políticos democráticos.

Un acordo que dende o seu artigo primeiro recoñecía a igualdade como un valor supremo do ordenamento xurídico, que no seu artigo 9 obrigaba aos poderes públicos a que as condicións para a igualdade do individuo e dos grupos sexan reais e efectivas e que era necesario remover os obstáculos que la dificultaban.

Non só iso, no artigo 14 estableceuse como o primeiro dos dereitos e liberdades o que “Os españois son iguais ante a li, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Polo tanto, a igualdade de e entre os españois é un dos principios que informan o noso ordenamento democrático e uns dos piares sobre os que se asenta a nosa convivencia.

Unha igualdade dos españois independentemente de onde vivan polo que este principio vén complementado co de solidariedade, tal e como recolle o artigo 138 cando se afirma que “O Estado garantiza a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español, e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular” e rexeitando que as diferenzas entre os estatutos das distintas comunidades autónomas puideran implicar privilexios económicos ou sociais.

Ao longo do desenvolvemento do noso proceso autonómico os diferentes territorios foron converxendo nus niveis de autogoberno que fixo de España un modelo de descentralización. Un proceso que permitiu que o noso país sexa un moderno Estado social e de dereito, grazas á tarefa que desempeñan todas as institucións do Estado, tanto o Goberno central como das comunidades autónomas, os concellos, as deputacións, os consells e cabildos insulares, e as institucións forais.

Ademais, ao longo destas décadas, o Tribunal Constitucional foi o garante de que a lexislación, e, de modo singular, os estatutos de autonomía, se enmarcasen sempre de acordo coas previsións da nosa Carta Magna.

Este desenvolvemento político, xurídico e administrativo veuse enriquecido coa nosa participación na Unión Europea, un modelo de solidariedade entre pobos e territorios.

Todo este bagaxe vese ameazado hoxe por proxectos que buscan romper a igualdade e solidariedade entre os españois, así como por propostas de mutación constitucional que promoven consagrar a desigualdade e o privilexio entre territorios e cidadáns. Unha desigualdade que se ve acentuada no día a día dos españois polas tensións económicas, tecnolóxicas e demográficas. Hoxe, en España, a igualdade está máis ameazada que nunca.

Por todo iso, é necesario afrontar con decisión cuestións que dividen aos territorios como é o referente á auga, os retos dun Estado de benestar ante unha realidade social en profunda transformación e a necesidade de consolidar os fundamentos da nosa economía. Ademais, a rexeneración institucional e acadar un novo pacto territorial que entre outras cuestións complete o previsto na Constitución supoñen obxectivos inaprazables.

Ao longo destas máis de catro décadas os dous principais partidos soubemos chegar a acordos para afrontar os diferentes desafíos e retos, desde os de índole social e económica a través dos Pactos da Moncloa, o terrorismo a través do Pacto pola liberdades, a violencia machista a través do Pacto contra violencia de xénero e o desafío secesionista de 2017 a través da aplicación do artigo 155. Xuntos fixemos a España protagonista na Unión Europea e temos asumido numerosos compromisos internacionais.

Atopámonos ante un novo desafío histórico no que unha minoría populista e radical pretende impoñer a ruptura da igualdade entre os españois e, para iso, beneficiase da falta de capacidade de chegar a un grande acordo nacional por parte dos dous partidos maioritarios.

Unha vez máis os españois debemos dar o mellor de nós mesmos. Ao igual que sucedeu en 1978, con xenerosidade e altura de miras, os partidos maioritarios debemos poñer as bases da nosa convivencia e afrontar as ameazas que temos como nación para seguir construíndo unha sociedade moderna, avanzada e plural.

O que é de todos débese decidir entre todos e non se pode someter os fundamentos do consenso constitucional ao capricho dunhas minorías por influíntes que poidan resultr ao beneficiarse dunha conxuntura parlamentaria determinada.

É necesario buscar un grande acordo que consolide todo o avanzado nestes 45 anos, blinde a igualdade dos españois e afronte os principais retos que temos nesta terceira década do século XXI.

Por todo iso, o Grupo Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDOS

**Primeiro.-** Recoñecemos que España é unha nación de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigas.

**Segundo.-** Rexeitamos calquera proxecto que trate de romper a igualdade ou de recoñecer privilexios a cidadáns ou territorios en calquera parte de España e que atente ao disposto pola Constitución española.

**Terceiro.-** Propoñemos un grande acordo nacional que afronte os principais desafíos que temos: a rexeneración institucional, o Estado de benestar, os fundamentos da nosa economía, un pacto polas familias, un pacto pola auga e un pacto territorial.

**Cuarto.-** Urximos ao Goberno a que propoña un modelo de financiamento autonómico que garanta os principios de igualdade e solidariedade e que sexa froito do acordo entre todos. Rexeitamos calquera privilexio unilateral á marxe do acordo entre todas as comunidades autónomas.

**Quinto.-** Reclamamos ao Goberno que garanta un marco de financiamento de concellos, deputacións e cabildos baseado na suficiencia, a solidariedade e a equidade.

**Sexto.-** Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e Ministerio de Traballo e Economía Social, ao Ministerio de Política Territorial, e aos voceiros parlamentarios no Congreso e no Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP.»

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PP, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Cinco (5), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Lauda Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Quince (15), dos/as Sres./as: González Leirós, Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do grupo municipal do PP.

## 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

#### Acceso á videoacta – 00:16:42 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1410/2023, do 30 de agosto, cuxa parte dispositiva transcrita di:

**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 1 ao 10 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1171/2023, do 4 de xullo.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

### 4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

#### Acceso á videoacta – 00:17:49 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 165 resolucións numeradas da 1390 á 1554 do ano 2023, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1390/2023	28-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MCBP para a poda das polas provenientes da finca sita no lugar de Meixigo, que está a invadir o espazo público,



		de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1391/2023	28-08-2023	Iniciar expediente de orde de execución a AFB para a roza da maleza existente na finca sita no lugar de San Bartolomé, Pravio, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1392/2023	26-08-2023	Considerar desistido a JBAG na solicitude presentada en data 1 de febreiro de 2023, ao obxecto de causar alta no Programa de Teleasistencia Domiciliaria (TAD). do Programa de Teleasistencia Domiciliaria (TAD), por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1393/2023	28-08-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 31 de agosto de 2023
1394/2023	28-08-2023	Aprobar a documentación xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, segundo establecen os apartados 7.2), 7.3) e 7.4) da cláusula primeira do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2021/2022. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 1.940,00 euros en concepto de derradeira achega do Concello de Cambre correspondente ao Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2021/2022
1395/2023	28-08-2023	Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por MCM revogando parcialmente a resolución recurrida no senso de eliminar o requerimento referido á eliminación do poste de formigón existente na zona de cesión. Desestimar o recurso de reposición interposto polo interesado no restante por canto que, de acordo co informe da arquitecta técnica interina de data 17 de marzo de 2022, tal como se indicou nos informes anteriores advertiuse antes e durante a execución das obras de construción da vivenda e antes da realización da obra urbanizadora, onde se realizaron diversas visitas advertindo deste feito, así como durante e despois da visita de comprobación para a licenza da primeira ocupación
1396/2023	28-08-2023	Aprobar, con efectos do 1 de agosto de 2023, a relación de solicitudes admitidas dos participantes na 3ª quenda, do 1 ao 14 de agosto de 2023, do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2023". Aprobar, con efectos do 17 de agosto de 2023, a relación de solicitudes admitidas dos participantes na 4ª quenda, do 17 ao 31 de agosto de 2023, do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2023"
1397/2023	28-08-2023	Aprobar a concesión de bolsas de estudo para gasto corrente no curso escolar 2022/2023, a teor do establecido nas bases 9ª e 10ª da convocatoria, por importe total 4.349,41 euros. Aprobar a concesión de bolsas de estudo para gastos de investimento no curso escolar 2022/2023, por importe total 712,00 euros. Denegar a concesión de bolsas de estudo para gasto corrente das seguintes solicitudes por non cumprir os requisitos establecidos na base 4ª e 8ª da convocatoria. Denegar a concesión de bolsas de estudo para gastos de investimento das solicitudes por non cumprir os requisitos establecidos na base 3ª e 8ª da convocatoria. Ter por desistidos da súa solicitude de bolsas de estudo para gasto corrente por non presentar a documentación requirida no prazo establecido de 10 días a contar dende a recepción do requirimento segundo o establecido na base

		9ª da convocatoria. Ter por desistidos da súa solicitude de bolsa de estudo para gastos de investimento por non presentar a documentación requirida no prazo establecido de 10 días a contar dende a recepción do requirimento segundo o establecido na base 9ª da convocatoria
1398/2023	29-08-2023	Conceder as autorizacións para a venda ambulante no recinto feiral campo da feira de Cambre
1399/2023	29-08-2023	Elaboración de nómina de agosto 2023 por un importe total retribucións brutas mes 384.929,98 euros
1400/2023	02-08-2023	Autorizar a AAS, titular da licenza de taxi número 16 a substituír o vehículo co que presta servizo, por outro de nova adquisición
1401/2023	30-08-2023	Autorizar a secretaria xeral para que solicite en nome do Concello de Cambre un certificado de selo electrónico para a actuación automatizada que permita asociar o "SELO ELECTRÓNICO DO CONCELLO DE CAMBRE PARA PMH ACCED-E" cos documentos sobre os que se aplica e dotalos de garantías de autenticidade e integridade
1402/2023	30-08-2023	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de EDB e JAVT
1403/2023	30-08-2023	Delegar na concelleira dona María Carmen Pan Matos para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de NEGD e JMDCh
1404/2023	30-08-2023	Delegar na concelleira dona María Carmen Pan Matos para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de IGV e BAA
1405/2023	31-08-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a EPP que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1406/2023	31-08-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada por FBC, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2 ao superar o límite de ingresos da unidade de convivencia establecido en dita norma
1407/2023	31-08-2023	Considerar desistida a MPLR na solicitude de alta no Programa de Teleasistencia Domiciliaria (TAD) presentada en data 4 de abril do 2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1408/2023	31-08-2023	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xullo de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de xullo de 2023 por importe de 24.777,39 euros
1409/2023	31-08-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada por CLAH xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiaria segundo o disposto no artigo 6 nomeado
1410/2023	30-08-2023	Avocación de competencias de don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da área de Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica do día 1 ao 10 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos
1411/2023	31-08-2023	Considerar desistida a AARA ao fin de instar a concesión da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1412/2023	30-08-2023	Autorización ocupación vía pública actividade sen animo de lucro. corte de pelo solidario
1413/2023	31-08-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 126.025,11 euros



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1414/2023	31-08-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros. Solicitante: MVJ
1415/2023	31-08-2023	Considerar desistida a OKPR da solicitude de axuda para alimentación básica e hixiene persoal, establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1416/2023	31-08-2023	Considerar desistida a IRG, da solicitude de axuda para alimentación básica e hixiene persoal, establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1417/2023	31-08-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: PPL
1418/2023	31-08-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: KdeCS
1419/2023	31-08-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, e dicir, segundo os últimos movementos bancarios o saldo medio de aforro é superior ao establecido. Solicitante: JLTO
1420/2023	31-08-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, e dicir, segundo os últimos movementos bancarios o saldo medio de aforro é superior ao establecido. Solicitante: MEMC
1421/2023	31-08-2023	Considerar desistida a BVR da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1422/2023	01-09-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de setembro de 2023
1423/2023	01-09-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 10.496,18 euros
1424/2023	01-09-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiaria segundo o disposto no artigo 6 nomeado. Solicitante: MCGB
1425/2023	01-09-2023	Cesar con data 1 de setembro de 2023 ao funcionario interino JCPG polo transcurso do prazo máximo de catro meses establecido na resolución nº 756/2023 da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de nomeamento como funcionario interino en acumulación de tarefas, de conformidade co artigo 24.3.c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1426/2023	01-09-2023	Aprobar a documentación xustificativa presentada pola ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso 2021- 2022. Minorar a terceira achega prevista no convenio, de 3.000 euros, no importe de mil catrocentos trinta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (1.434,54 euros), superávit de ingresos que resultaría respecto aos gastos válidos xustificados pola entidade, de producirse o abono integro da mesma. Recoñecer e liquidar obrigas

		por importe de 1.565,46 euros correspondente ao convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2021/2022
1427/2023	01-09-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentas a facturas por importe total de 14.150,00 euros
1428/2023	01-09-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar HPde Pravio, S.L. na finca sita en no lugar da Calle, parroquia de Pravio, sen axustarse ao proxecto básico e de execución ao cal se lle concedeu licenza mediante resolución da alcaldía do día 25 de agosto de 2022 (Exp. 2021/U022/000050)
1429/2023	04-09-2023	Iniciar expediente sancionador a MBN como consecuencia da presunta comisión dunha infracción leve, tipificada no artigo 28.1 k) en relación co 17.2 da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre, consistente no uso de aparellos de reprodución sonora a un volume elevado e falar nun ton de voz excesivamente elevado, en horario de descanso nocturno, perturbando o descanso da veciñanza, no edificio sito en Aián, Sigrás, propoñéndose como consecuencia unha sanción de 300 euros, de acordo co artigo 29.1 a) da citada norma
1430/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1431/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1432/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1433/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1434/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1435/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1436/2023	05-09-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JSA para a xestión da biomasa existente na finca sita en Cerquidos, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1437/2023	05-09-2023	Arquivar o expediente 2015/I002/109, ao terse regularizado as obras denunciadas coa comunicación previa presentada no exp. 2016/U019/23, incoado a EB, S.L. polo exercicio da actividade de almacén de produtos secos na nave, sita no polígono da Xira, Sigrás, sen licenza municipal
1438/2023	05-09-2023	Iniciar expediente de orde de execución para a xestión da biomasa existente na finca sita en Pena da Nosa Señora, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1439/2023	05-09-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MRR para a xestión da biomasa existente na finca sita en Piñeiro, Cecebre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1440/2023	06-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1441/2023	06-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1442/2023	06-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1443/2023	06-09-2023	Arquivar o expediente 2015/I002/108, ao terse regularizado as obras denunciadas coa comunicación previa presentada no exp. 2017/U019/26, incoado a CyL, S.L. polo exercicio da actividade de distribución de materiais de construción na nave sita no polígono da Xira, Sigrás, sen licenza municipal
1444/2023	06-09-2023	Arquivar o expediente 2015/I002/107, ao terse regularizado as obras denunciadas coa comunicación previa presentada no exp. 2019/U019/25, incoado a F, D, R y



		Cía polo exercizo da actividade de aserrado, almacenaxe e fabricación de produtos de madeira na nave sita no polígono da Xira, Sigrás, sen licenza municipal
1445/2023	06-09-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora. Solicitante: TBSS
1446/2023	06-09-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: LChCh
1447/2023	06-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1448/2023	07-09-2023	Delegar no concelleiro don Juan González Leiros para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de ACL e LCL
1449/2023	07-09-2023	Delegar no concelleiro don Diego Alcantarilla Rei para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de ANG e HDGA
1450/2023	07-09-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JSP
1451/2023	07-09-2023	Someter ao trámite de consulta pública previa, previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o proxecto de Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Cambre, ao obxecto de recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma
1452/2023	08-09-2023	Aprobación de cota de amortización e xuro do préstamo vixente do Concello de Cambre do terceiro trimestre de 2023
1453/2023	08-09-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de setembro de 2023
1455/2023	08-09-2023	Solicitud de acondicionamento de camiños e fincas – Parcela sita no lugar Agra do Mero (Sigrás). Propietarios: M.G.V. (Herdeiros de)
1454/2023	08-09-2023	Desistencia de axuda de emerxencia social - N.M.S.C.
1456/2023	08-09-2023	Aprobación do Día do Deporte na Rúa 2023
1457/2023	08-09-2023	Aprobación do XXIII Festival de Bandas de Música de Cambre
1458/2023	08-09-2023	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 21.386,85 euros
1460/2023	11-09-2023	Convocatoria de sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Medio Ambiente, Mobilidade, Sanidade, Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica do día 14 de setembro de 2023
1461/2023	11-09-2023	Licenza de edificación para reforma e cambio de uso de local comercial a vivenda unifamiliar sita na rúa Ramón Cabanillas. Promotor: C.L.V.
1459/2023	11-09-2023	Aprobación do recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes ás bolsas de estudo concedidas do curso 2022/ 2023, así como o seu pagamento.
1462/2023	11-09-2023	Adxudicación a Alba Ibáñez Farto [Alba Farto]. Actividade de animación á lectura "Debuxar letras" - Programa LER CONTA MOITO
1463/2023	11-09-2023	Adxudicación a Trémola [Paula Regueiro García]. Actividade de animación á lectura "Leo e as cores" - LER CONTA MOITO
1464/2023	11-09-2023	Adxudicación a Blanca Rodríguez Millán [Blanca Millán]. Actividade de animación á lectura "Conta e canta" - LER CONTA MOITO
1465/2023	12-09-2023	Nomeamento como persoal eventual de dona Mónica Varela Germade, para o desempeño do posto de traballo de asesora de Patrimonio
1469/2023	12-09-2023	Adxudicación a Asoc. Pavís Pavós de Pontevedra. Actividade de animación á

		lectura "Este queixo queixolán" - LER CONTA MOITO
1471/2023	12-09-2023	Adxudicación a CHARLATANA S. COOP. GALEGA. Actividade de animación á lectura "Casa, casiña, casona" [Marta Ortiz Roper] - LER CONTA MOITO
1467/2023	12-09-2023	Adxudicación a Estefanía Padullés Estévez. Actividade de animación á lectura "Debuxando un conto" - LER CONTA MOITO
1468/2023	12-09-2023	Adxudicación a Iria Iglesias Álvarez. Actividade de animación á lectura "Fai o teu cómic" - LER CONTA MOITO
1466/2023	12-09-2023	Adxudicación a María de los Ángeles Goás Amado [Ángeles Goás]. Actividade de animación á lectura "Un saco de contos" - LER CONTA MOITO
1473/2023	12-09-2023	Adxudicación a Francisco Nogueiras Nodar [Paco Nogueiras]. Actividade de animación á lectura "Brinca vai!" - LER CONTA MOITO
1472/2023	12-09-2023	Adxudicación a Manuel Pombal Pérez. Actividade de animación á lectura "Frumario o bibliotecario" - LER CONTA MOITO
1470/2023	12-09-2023	Adxudicación a O Mago Paco [Francisco José Otero Gutiérrez]. Actividade de animación á lectura "Contamaxias" - LER CONTA MOITO
1474/2023	12-09-2023	Adxudicación a Óscar Villán Seoane. Actividade de animación á lectura "Aproximación á ilustración" - LER CONTA MOITO
1475/2023	12-09-2023	Adxudicación a Iria Pinheiro_Compañía Eléctrica [Iria Piñeiro Santos]. Actividade de animación á lectura "Nina" - LER CONTA MOITO
1476/2023	12-09-2023	Admisión de solicitudes para participar no Programa Mañanceiro curso escolar 2023-2024.
1477/2023	12-09-2023	Convocatoria sesión extraordinaria Xunta de Voceiros - 15.09.2023
1479/2023	12-09-2023	Adxudicación a CUMIO EDITORIAL para a compra de novidades editoriais en galego, seleccionadas a través da plataforma electrónica da Xunta (Programa A)
1478/2023	12-09-2023	Adxudicación a EDITORIAL GALAXIA, S.A. para a compra de novidades editoriais en galego, seleccionadas a través da plataforma electrónica da Xunta (Programa A)
1481/2023	12-09-2023	Adxudicación a HÉRCULES DE EDICIONES, S.L. para a compra de novidades editoriais en galego, seleccionadas a través da plataforma electrónica da Xunta (Programa A)
1480/2023	12-09-2023	Adxudicación a EDICIÓNS XERAIS para a compra de NOVIDADES editoriais en galego, seleccionadas a través da plataforma electrónica da Xunta (Programa A)
1482/2023	13-09-2023	Expediente sancionador de tráfico - 99500000029659
1483/2023	13-09-2023	Recoñecemento de obrigas correspondente a factura do servizo de axuda a domicilio do mes de xullo 2023
1484/2023	13-09-2023	Devolución de fianza presentada para a construción de vivenda sita no lugar de San Paio – Brexo. Promotor: J.C.C.
1486/2023	13-09-2023	Expediente sancionador de tráfico – Resolución de recurso de reposición
1485/2023	13-09-2023	Denegación de axuda de emerxencia social - T.Y.T.O.
1487/2023	13-09-2023	Celebración matrimonio civil o día 15 de setembro de 2023 ás 12:30 h.
1488/2023	13-09-2023	Aprobación das altas no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023 mes de setembro
1490/2023	14-09-2023	Licenza de segregación e parcelación de finca sita en Apeadeiro – Cecebre. Promotor: V.L.F.
1489/2023	13-09-2023	Denegación de axuda de emerxencia social - S.B.P.
1491/2023	14-09-2023	Aprobación dos padróns de prezos públicos por actividades xuvenís do programa O Verán Xa Está Aquí 2023 de campamentos de verán da Omix
1492/2023	14-09-2023	Renuncia a axuda de emerxencia social para dous recibos de luz, un de auga e dous de alugueiro a O.R.A.S.
1493/2023	14-09-2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2023" (1ª quenda: do 3 ao 14 de xullo de 2022 e 2ª quenda: do 17 ao 31 de xullo de 2023).

1494/2023	14-09-2023	Denegación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a F.S.C. por non acreditar problemas mobilidade
1495/2023	14-09-2023	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a O.S.C.
1496/2023	15/09/2023	Inadmisión a trámite de solicitude de responsabilidade patrimonial por non ser o Concello de Cambre a administración competente para resolver
1497/2023	15/09/2023	Proposta de aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de agosto e o seu pagamento.
1498/2023	15/09/2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de setembro de 2023
1499/2023	15/09/2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.C.V.S.. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1500/2023	15/09/2023	Levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal nos expedientes de contratación, tramitados como contratos menores, relativos ao evento Open Science Cambre" (expedientes TEdC 2023/C002/000077 Carpa Domo, 2023/C002/000078 Son e megafonía, 2023/C002/000079 Carpas e complementos, 2023/C002/000080 seguridade nocturna e 2023/C002/000081 Baños químicos portátiles)
1501/2023	15/09/2023	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 15 de setembro de 2023
1502/2023	15/09/2023	Orde de execución aos herdeiros de E.V.V. e de E.A.C. para que procedan á roza de finca sita en Brexo Cambre
1503/2023	15/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a M.P.N.G. para a poda das tullas existentes en finca sita en Sarnoso, Brexo
1504/2023	15/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a M.J.Q.R. para a xestión da biomasa existente na finca sita en Seoane, Anceis
1505/2023	15/09/2023	Adxudicación do contrato de servizo de vixilancia nocturna para o evento Open Science Cambre a "Trisquel Protección y Seguridad" no importe de 1395,88 € (IVE incluído)
1506/2023	15/09/2023	Adxudicación do contrato de subministración baños químicos portátiles para evento Open Science Cambre a "Suministros Generales Manufacturados, S.L." no importe de 390,35 € (IVE incluído)
1507/2023	15/09/2023	Adxudicación do contrato do servizo de megafonía e son para evento Open Science Cambre a "Maik Cazenave Cantón" no importe de 2902,64 euros (IVE incluído)
1508/2023	15/09/2023	Adxudicación do contrato de subministración da Carpa Domo para evento Open Science Cambre a "Hebe Sport, S.L." no importe de 6860,70 euros (IVE incluído)
1509/2023	18/09/2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 21 de setembro de 2023
1510/2023	18/09/2023	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas da axenda de verán do Programa de Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023
1511/2023	18/09/2023	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 21 de setembro de 2023
1512/2023	18/09/2023	Prórroga da licenza de autorización de ocupación de vía pública en Bosque Animado, 28
1513/2023	18/09/2023	Adxudicación da subministración de libros para a mellora das coleccións das bibliotecas municipais a "Librería Lume", no importe de 2575,11€ (IVE incluído)
1514/2023	19/09/2023	Denegación de alta de A.G.C.no padrón municipal de habitantes ao quedar acreditado no expediente que non reside no domicilio declarado
1515/2023	19/09/2023	Incoación de expediente de orde de execución polo estado da parcela sita en Lugar de Fabás, Pravio. Propiedade. I.I.C.S.A.
1516/2023	19/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a E.G.L. para a poda e roza da vexetación existente en finca sita no lugar do Souto, Sigrás
1517/2023	19/09/2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.A.V. por un período máximo



		de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1518/2023	20/09/2023	Baixa de oficio no padrón de habitantes de R.S.H.C., F.M., S e M.L.
1519/2023	20/09/2023	Concesión axudas incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "PROXEDIS Cambre" 2022/2023
1520/2023	20/09/2023	Expedientes de multas de tráfico - Resolución Sancionadora
1521/2023	20/09/2023	Inicio de expediente sancionador a F.G.C. por presunta comisión de infracción moi grave, consistente no exercicio de actividade de café bar na rúa Polígono superando os límites sonoros en horario nocturno
1522/2023	20/09/2023	Expedientes de multas de tráfico – Acordos de inicio
1523/2023	20/09/2023	Orde de execución aos herdeiros de J.I.B. e a F.G.I. para que reparen un tramo de muro derrubado en finca sita en Seoane, Anceis, no prazo de 1 mes, con advertencia de execución subsidiaria e multas en caso de incumprimento
1524/2023	20/09/2023	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística a M.G.C. e M.J.G.C. co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente da división horizontal de finca sita no Temple, sen título habilitante
1525/2023	20/09/2023	Licenza de parcelación de finca sita en Barral - Bribes en dúas parcelas de 927 m2 e 208 m2 co fin de cedela ao Concello para viarios. Promotor: V.G.C.
1526/2023	20/09/2023	Denegación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade por non acreditar problemas de mobilidade a O.B.G.
1527/2023	20/09/2023	Licenza de ocupación de vía pública por obras de rehabilitación de bufardas na rúa Valiña
1528/2023	20/09/2023	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.P.V.D. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1529/2023	21/09/2023	Asignación de número a parcela e vivenda sita no lugar de Peiraio, Bribes, a instancia de J.L.L.R.
1530/2023	21/09/2023	Baixa de oficio no padrón de habitantes de R.A.C.M.
1531/2023	21/09/2023	Aprobación da xestión padroal (baixas por troco de residencia, duplicidade e falecemento) xuño 2023.
1532/2023	21/09/2023	Asignación de número a parcela e vivenda sita no lugar de Meixigo, a instancia de B.C.P.
1533/2023	21/09/2023	Asignación de número a parcela e vivenda sita na Xira, Sigrás, a instancia de A.R.F.
1534/2023	21/09/2023	Aprobación da xestión padroal (altas, trocos domicilio, modificación de datos, renovación e comprobación estranxeiros) do mes de xuño de 2023
1535/2023	21/09/2023	Denegación de axuda de emerxencia social (alimentos) a Z.B.H.
1536/2023	21/09/2023	Delegación de competencia na concelleira Patricia María Parceró Quiñoy para a celebración de matrimonio civil o día 23 de setembro de 2023 ás 13:00 h.
1537/2023	22/09/2023	Baixa de oficio do Padrón municipal de habitantes de F.B.I.
1538/2023	22/09/2023	Baixa de oficio do Padrón municipal de habitantes de D.I.S.
1539/2023	22/09/2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de setembro de 2023
1541/2023	22/09/2023	Complementación da Resolución da Alcaldía nº 1132/2023, do 27 de xuño, co fin de incluír a superficie útil dos locais comerciais resultantes da segregación
1542/2023	22/09/2023	Outorgamento de licenza de ocupación da vía pública na Estrada da Estación, de 6 m <sup>2</sup> . durante 12 meses
1543/2023	22/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a L.M.C. para a xestión da biomasa existente en finca sita en Pena da Nosa Señora
1544/2023	22/09/2023	Inicio de expediente sancionador a F.J.G.V. por infracción da ordenanza reguladora da limpeza viaria e ornato público, por non recoller da vía excrementos do seu can en varios lugares de Cambre
1545/2023	22/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a J.A.F.S. para a limpeza da maleza e

		a retirada de materiais de obra e entullo de finca sita en Fabás, Pravio
1546/2023	22/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a herdeiros de C.C.B. e de M.M.R.P. para a xestión de biomasa existente en finca sita en Coto, Brexo
1547/2023	22/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a A.J.C.R. para a roza da vexetación existente en finca sita no lugar Espírito Santo, Cecebre
1548/2023	22/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución á comunidade de herdeiros C.R. para a xestión de biomasa existente en finca sita no Corgo, Brexo
1549/2023	22/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a C.R.M., J.R.M., F.J.R.M., S.R.M., P.R.M. e D.R.P. para a roza de vexetación en finca sita na rúa W.F.F.
1550/2023	22/09/2023	Inicio de expediente de orde de execución a E.G.V. para a roza da vexetación existente en finca sita na rúa Castellana, Cambre
1551/2023	22/09/2023	Desistencia axuda emerxencia social alimentos E.B.
1552/2023	22/09/2023	Licenza de ocupación de vía pública por obras na cuberta de edificio sito na rúa Pígara, 14 de 28 m <sup>2</sup> , durante o período do 08/09/2023 ao 31/10/2023
1553/2023	22/09/2023	Licenza de ocupación de vía pública para obras na Travesía Coutelana, 4, de 46 m <sup>2</sup> , dende o 31/08/2023 ao 31/10/2023
1554/2023	22/09/2023	Licenza de ocupación de vía pública na rúa Rosalía de Castro, 1, de 208 m <sup>2</sup> durante o período do 07/08/2023 ao 07/10/2023

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de agosto de 2023

- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor do *"Pintado de diversos colexios e centro de saúde de Cambre"* a prol da empresa *"Pinturas González Iglesias, S.L."*, no prezo ofertado de 26.900,00 € (sen IVE), 32.549,00 (IVE incluído)
- Proposta relativa á prórroga dos lotes 1, 2, 3, 5, 6 e 7 do contrato mixto de servizos e subministracións para a organización da VI Romaría Galaico-Romana "Galaicói" (Expediente núm. 2023/C004/000009)

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12 de setembro de 2023

- Proposta relativa á declaración de deserto dos lotes 1, 2 e 3 do expediente de contratación núm. 2023/C004/000010, correspondente ao contrato mixto de servizos e subministración das actuacións necesarias para a montaxe do evento *"Open Science Cambre"*
- Proposta relativa á prórroga do contrato relativo ao Lote 3 (Acampada en Guitiriz) do *"Servizo de organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre"*

#### Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15 de setembro de 2023

- Proposta relativa á prórroga do Lote 1 (Instalación eléctrica temporal) do contrato para a prestación de determinadas actuacións, instalación eléctrica temporal e memoria técnica, necesarias para a montaxe do evento *"Open Science Cambre"*, do departamento de Xuventude. Expediente: 2022/C005/000013
- Proposta relativa á adxudicación do contrato de subministración de *"Carpas e complementos (mesas e cadeiras)"* para o evento *Open Science Cambre 2023*. Expediente: 2023/C002/0000079

### **4.3. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO DO PP RESPECTO DA ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES, Á COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E Á COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS**

**Acceso á videoacta – 00:17:54 horas**

Dáse conta do escrito presentado pola voceira do grupo político do PP, rexistrado de entrada ao núm. 202300000004367 o día 14 de setembro de 2023, respecto da adscripción de concelleiros e concelleiras ás comisións informativas permanentes, á Comisión Especial de Contas e á Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións, que son os seguintes:

#### **- COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESARROLLO ASOCIATIVO, ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

Diana Piñeiro Fernández, Patricia Esther Espiñeira Galán, Rubén Vázquez Pérez, Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

#### **- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

Diana Piñeiro Fernández, Patricia Esther Espiñeira Galán, Rubén Vázquez Pérez, Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

#### **- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA**

Diana Piñeiro Fernández, Patricia Esther Espiñeira Galán, Rubén Vázquez Pérez, Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

#### **- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**

Diana Piñeiro Fernández, Patricia Esther Espiñeira Galán, Rubén Vázquez Pérez, Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

#### **- COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS**

Diana Piñeiro Fernández, Patricia Esther Espiñeira Galán, Rubén Vázquez Pérez, María Elena Lauda Fernández. - Suplente: Omar Gonzalo Lamela Vázquez

### **4.4. ROGOS**

**Acceso á videoacta – 00:18:13 horas**

#### **ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900006298 o día 25 de setembro de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

**1º rogo - Acceso á videoacta – 00:18:31 horas**

Lee o rogo a Sra. Piñeiro Fernández.

“Dende o Partido Popular de Cambre rogamos o compromiso do alcalde cos veciños de Seoane de Abaixo en Anceis, en canto ao remate da rede de sumidoiros na zona.”

A Sr. González Leirós contesta o rogo.

**2º rogo - Acceso á videoacta – 00:22:46 horas**

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“Dende o Partido Popular cremos que existe unha grave deficiencia de falta de contedores nas zonas máis densamente poboadas do municipio como son a parroquia do Temple e na Urbanización da Barcala, tal como se pode ver nas fotografías adxuntas a este rogo.

É moi preocupante a mala xestión dos residuos en Cambre, provocando que os veciños teñan que convivir con esta cada vez máis frecuente e desagradable situación de insalubridade, onde os contedores existentes non son suficientes para atender a tanta poboación, deixando aos veciños sen un lugar axeitado para depositar as bolsas e que acaban acumulándose no chan, algúns delas rotas e co lixo a mercé de ratas e gaivotas, sendo caldo de cultivo de roedores. A todo isto hai que engadir o mal estado dos contedores existentes, moitos deles tendo rota a panca para abrilos, ademais do mal cheiro pola falta de limpeza dos contedores, convertendo todo isto nun grave problema de saúde pública.

Por todo o anterior, dende o Partido Popular rogamos que se leve a cabo de maneira urxente a solicitude de novos contedores nas zonas máis tensionadas que describimos a continuación, e se leve a cabo a limpeza dos contedores de todo o municipio e o arranxo dos que tengan a palanca rota.

Adxuntamos fotos e enderezos dos lugares no Temple e na Barcala onde se necesitan máis contedores como son:

- TEMPLE:
  - o Rúa Estanque, portal 10
  - o Rúa Curros Enríquez, portal 9
  - o Rúa Curros Enríquez, portal 15
  - o Rúa Constitución, portal 1
  - o Rúa Otero Pedraio, portal 7
  - o Rúa Otero Pedraio, fronte á pista deportiva
  - o Rúa Pígara, portal 1
  - o Travesía Coutelana, portal 4
  
- A BARCALA:
  - o Rúa Río Gándara, portal 2
  - o Rúa Río Barcés, portal 8
  - o Rúa Río Mandeo, portal 5”

A Sra. Parcero Quiñoy contesta o rogo.

**3º rogo - Acceso á videoacta – 00:31:36 horas**

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

«Ante a falta de rigor nas respostas aportadas por escrito pola concelleira de Benestar social á pregunta formulada polo Partido Popular nas comisións informativas do 21 de setembro pola “axuda no fogar”, pedimos que se resolvan a maior brevidade os problemas de fondo que existen e que impiden unha correcta asistencia por parte do Concello de Cambre. Dende o partido popular tamén cremos que non se está atendendo nin se lle fai xustiza a “figura do coidador” cando recae no ámbito familiar, pilar fundamental en moitas familias e desgraciadamente invisibilizado. O tempo é ouro e moito máis para quen se entrega en corpo e alma ao coidado do seu ser querido. O tempo para eles é un luxo xa que non poden dispoñer de el para atender ás súas propias necesidades. Rogamos que dende este Concello se lles dea voz e tempo para volver sentirse individuos.»

A Sra. Prieto Lamas contesta o rogo.

#### **ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900006294 o día 25 de setembro de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

##### **1º rogo - Acceso á videoacta – 00:42:36 horas**

Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández.

“Logo da pregunta realizada nas pasadas comisións informativas sobre a periodicidade na recollida de lixo e logo de falar coa veciñanza da zona do Drozo-Estorrentada-As Pereiras e confirmarse que si estaban a realizar queixas telefónicas, realizamos o seguinte rogo:

Rogamos ao goberno local que atope unha solución para o problema na periodicidade da recollida de lixo na zona do Drozo, Estorrentada e As Pereiras.”

A Sra. Parcero Quiñoy contesta o rogo.

##### **2º rogo - Acceso á videoacta – 00:44:12 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“O camiño que vai de Lendoiro aos montes de Guísamo atópase nun estado lamentable, por mor do paso de vehículos madeiros.

Rogamos que se arranxe o camiño, e se teña unha especial vixilancia cando se levan as cortas, comprobando que se deixan en bo estado unha vez rematadas.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

##### **3º rogo (presentado oralmente) - Acceso á videoacta – 00:50:20 horas**

O Sr. Carballada Rodríguez formula o seguinte rogo:

Ao BNG chegaronlle en datas recentes diversas queixas, dende diversos puntos, por un problema que pode parecer en aparencia menor; é a subministración de puntos de consumo de auga potable en locais municipais.

Eles, estando enriba do tema o que viron é, de entrada, que efectivamente en varios puntos ese servizo se interrompeu, pero tamén que noutros varios puntos constataron algo que é obvio, que non existe esa subministración e, polo tanto, que eles dalgunha maneira traen unha reflexión e é que, efectivamente, consideran acaído que máis aló do que son as instalacións de servizos, de urinarios, do que chaman comunmente cartos de baño en moitos edificios e instalacións públicas que teñen un uso moi habitual, reiterativo e case poderían dicir masivo por parte da xente, quizais o normal sería habilitar puntos para o consumo de auga neles.

Non están dicindo se ten que ser esta auga embotellada ou pode ser perfectamente auga potable da traída, pero si consideran que se debería facer unha reflexión ao respecto da necesidade da instalación desa cuestión; e, a maiores, propiamente o rogo en si que traen é que se uniformice, é dicir, que dalgunha maneira todas as instalacións públicas teñan un mesmo tratamento. Iso non quere dicir que todos si ou todos non, quere dicir que, por exemplo, igual se chega á conclusión de que se entende que debe haber puntos de subministración de auga, por exemplo, en locais da terceira idade, por que? Porque os utiliza xente da terceira idade, que ten unhas necesidades de hidratación, que ten unha dificultade igual para beber da billa dun servizo, por así dicilo, e non é a maneira máis decorosa, e deciden, pois igual nos centros da terceira idade e nos locais veciñais non, o que sexa, pero que sexa para todos iguais, que se avance un pouco na uniformización e na claridade nese servizo.

Entón, concretando, o rogo é ese, que se estude e que se uniformice a subministración de auga potable, sen entrar en se debe ser da traída ou embotellada. Eles apostan pola auga da traída porque é moito máis económica, porque é moito máis sostible e porque en condicións normais temos unha auga maravillosa, que vén ademais da Telva e de Cecebre a todo o Concello de Cambre.

#### **ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900006299 o día 25 de setembro de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

##### **1º rogo - Acceso á videoacta – 00:53:20 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“O pasado ano xa se pediu que se fixera algo no cruzamento da rúa Pintor Pablo Manzano, xa que diariamente é un trastorno o que se crea aí, posto que non hai visibilidade o que imposibilita facer o cruzamento con seguridade. Volvemos achegar o mesmo rogo posto que non vemos que se fixera nada novo.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

##### **2º rogo - Acceso á videoacta – 00:55:06 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Tendo actividades no ximnasio da Barcala, algunhas que funcionan por orde de chegada, o cal adoita deixar xente fóra, rogamos se instaure algún tipo de procedemento (reserva telefónica, app, reserva online...) para solucionar a situación no complexo deportivo municipal da Barcala.”

A Sra. Rodríguez López contesta o rogo.

##### **3º rogo - Acceso á videoacta – 01:00:38 horas**



Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Por 3ª vez voltamos insistir na necesidade de elevar o paso de peóns da rúa Abeleira á altura do nº 8. Pouca visibilidade dos peóns, mal situado no medio da saída dun garaxe que precisa dun espello enfronte para poder incorporarse sen perigo á rúa. Elevando o paso de peóns tamén se limitaría a velocidade coa que circulan os vehículos pola dita rúa, agora que soporta máis tráfico debido a que se está a empregar como alternativa a Costa da Tapia. Polo que rogamos actúen con celeridade.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

#### 4.5. PREGUNTAS

**Acceso á videoacta – 01:03:29 horas**

##### PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900006298 o día 25 de setembro de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

**1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:03:35 horas**

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“En nome dos veciños e veciñas de Cambre, que non entenden o custo de 29.890,36 euros da VI Open Science por consideralo excesivo e inxustificado, dende o Partido Popular preguntamos e pedimos unha resposta real e adecuada a este gasto.”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:06:14 horas**

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Ante a partida do orzamento de Nadal para a iluminación de 59.494 euros, o grupo municipal do Partido Popular pregunta polo grao de compromiso adquirido por parroquias.”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

##### PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900006294 o día 25 de setembro de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

**1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:07:45 horas**

Lee a pregunta o Sr. Cubeiro Fernández.

“No pasado verán foron prometidas obras de mantemento nos diferentes centros escolares, como poden ser pintado de aulas, arranxo de baños, pulido de chans ou pisos novos para as aulas, e polo que nos informan todo



isto están sen facer. Por que non foron realizados os labores de mantemento prometidos?”

A Sra. Rodríguez López contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:08:52 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“A semana pasada na campaña de roza, co novo contrato, pasaron a rozar por Sobreguexe, esquecendo facelo na finca municipal das Villeiras. Diante da sorpresa dos veciños. Preguntamos, cal foi o motivo deste esquecemento?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:10:36 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“No polígono do Espírito Santo levouse a cabo a construción dunha nave que se anunciou como almacén de Amazon no 2022, incluídos anuncios de futuros postos de traballo para veciñas e veciños do noso concello. Rematadas as obras, non se aprecia actividade real, e chama a atención que a iluminación exterior estea funcionando a diario, e se ben se trata dunha actividade de empresa, sorprende o derroche e a contaminación lumínica que iso supón.

Que nos pode trasladar o concello sobre esta situación?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

**PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900006299 o día 25 de setembro de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

**1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:12:06 horas**

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“En que fase se atopa o Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) de Lendoiro, na Barcala?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:13:08 horas**

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Referente ao programa mañanceiro, e despois de case un mes de que comezase o curso escolar, preguntamos, estase a dar servizo a todas aquelas familias que o necesitan ou hai lista de espera?”

A Sra. Rodríguez López contesta a pregunta.

### 3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:13:32 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Sabendo que o auditorio municipal, unha vez rematado terá unha capacidade para aprox. 250 persoas, e xa se vai quedar pequeno antes de ser inaugurado, e para eventos de maior capacidade o concello valora alugar a antiga sal de festas do Seixal non sabemos con que custo para a veciñanza, preguntamos, por que non se contempla darlle unha volta o proxecto e se plantea como un edificio de servizos múltiples?, onte tamén se poderían albergar os locais para os grupos municipais e incluso reservar unha parte para de ser necesario utilizar como albergue onde se poderían acoller a eses 50 proxectos que por falta de sitio para acomodalos, quedaron ser vir a un evento tan importante para o noso concello como foi o pasado Open Science.”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e dezasete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e prace

O presidente (11.00 h a 11.14 h)  
(Asinada dixitalmente)

Oscar Alfonso García Patiño

Vº e prace

O presidente (de 11.14 a 12.17 h)  
(Asinada dixitalmente)

Juan González Leirós

A secretaria accidental  
(Asinada dixitalmente)

Verónica María Otero López